



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

SADA

Secretaría

Nomeamento de persoal funcionario de carreira en prazas da escala de administración xeral, subescala auxiliar, auxiliar de comunicación (OEPE 2022)

Esta alcaldía ditou o 30 de decembro de 2024 a resolución que a continuación se transcribe:

Logo de ver a proposta do Tribunal Cualificador do proceso selectivo para a provisión de dúas prazas de Auxiliar Administrativo (Auxiliar de Comunicación), integradas na escala de administración xeral subescala auxiliar, grupo C subgrupo C2 de clasificación, incluídas na Oferta de Emprego Público do Concello de Sada para 2022 de estabilización, mediante o sistema selectivo de concurso en quenda libre, consonte á D.Ad. 6ª da Lei 20/2021, do 28 decembro.

Resultando que os aspirantes propostos cumpren os requisitos esixidos na convocatoria.

Consonte as atribucións que me confiren os artigos 21. 1 h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e 41.14.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, e de conformidade co disposto no artigo 7 do Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, pola presente resolvo:

1º.-Nomear funcionarios de carreira a: D. Iván Jesús Fandiño Rodríguez, co DNI núm. ** *18 79* *, Dª. María José Arias Bouza, co DNI núm. ** *03 60* *, nas prazas denominadas: auxiliar de comunicación, integradas na escala de administración xeral, subescala auxiliar, grupo C subgrupo C2 de clasificación.

2º.- As persoas nomeadas adquirirán a condición de persoal funcionario de carreira previa prestación de xuramento ou promesa, segundo o establecido no Real Decreto 707/1979, de 5 de abril, e toma de posesión do seu destino no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao de publicación desta resolución no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

O que se fai público para xeral coñecemento.

Sada, 30 de decembro de 2024

O alcalde

Óscar Benito Portela Fernández

2024/9462